

ACTA NÚMERO 01/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA D^a. PILAR PINTOS MARTINEZ D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D. FERNANDO I. LAGO DEIBE D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-SAE D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO. D^a. HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D. JORGE QUINTANA MIRON-UXT D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS D^a. M^a ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE</p>	<p>En Vigo, ás nove horas do día dezanove de xaneiro de dous mil nove, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
---	--

-- ORDE DO DÍA --

1. Peticións:
 - Solicítase desta Xerencia articule un mecanismo para que os traballadores que o soliciten poidan recibir a nómina no seu domicilio.
 - Solicítase relación de todo o persoal con “orde de servizo con nómina”.
 - Solicítase desta Xerencia, por acordo da Comisión de Centro, que cando dous traballadores do mesmo centro soliciten cambio de quenda entre eles, sexa autorizado pola mesma.
2. Traslado retinógrafo de Redondela a Teis.
3. Tomiño: Situación do centro de saúde ante a precariedade de persoal e a existencia de quendas de mañá e tarde. Incremento de PSX.
4. Celador do COF: ¿Pode o persoal dependente de Primaria recibir ordes para traballar en especializada fora do servizo ao que está adscrito?
5. Conciliación da vida familiar:
 - ¿Aplicase a normativa no caso das gardas obrigatorias?
 - Escrito da pediatra de Cangas na quenda de tarde.
6. Permisos e licenzas. Problemas na interpretación dos mesmos (vacacións do persoal que se incorporou coa OPE e o concurso de traslado, etc...)
7. Persoal de enfermería tarde Moaña: Pese ao incremento de persoal na quenda de mañá, seguen a realizar traballo correspondente a dita quenda.

8. Plan mellora: Novidades respecto ao mesmo. ¿Vanse cubrir prazas de médico de familia? Incremento dun médico de familia en Salvaterra.
9. Aclaración das funcións da enfermaría o sábado de mañá en Coia.
10. Documento de mobilidade interna. Resposta da comisión de centro.
11. Abono aos médicos aos que de forma unilateral se lles reducen as presencias na garda do PAC.
12. Falta de autorización aos médicos para realizar copias das radiografías en IANUS.

PUNTO PRIMEIRO.- Peticións:

- **Solicítase desta Xerencia articule un mecanismo para que os traballadores que o soliciten poidan recibir a nómina no seu domicilio.**

- XERENCIA: Aquel que o solicite mandaráselle ao seu domicilio

- **Solicítase relación de todo o persoal con “orde de servizo con nómina”.**

- XERENCIA: Entrégaselle agora.

- **Solicítase desta Xerencia, por acordo da Comisión de Centro, que cando dous traballadores do mesmo centro soliciten cambio de quenda entre eles, sexa autorizado pola mesma.**

- XERENCIA: Pensamos que si, se o metemos no documento para regulalo, e a condición de que non exista un terceiro prexudicado.

PUNTO SEGUNDO.- TRASLADO RETINÓGRAFO DE REDONDELA A TEIS.

- COMISIÓN DE CENTRO: Falouse aquí de que se pasaba de Redondela a Teis por non utilización.

- XERENCIA: Despois daquela reunión, tivemos peticións de Redondela para mantelo alí, e entón imos deixalo alí e faremos un seguimento do seu uso.

PUNTO TERCEIRO.- TOMIÑO: SITUACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE ANTE A PRECARIIDADE DE PERSOAL E A EXISTENCIA DE QUENDAS DE MAÑÁ E TARDE. INCREMENTO DE PSX.

- XERENCIA: Acaba de incrementarse un PSX, agora son 4, cunha ratio de menos de 3.000 TIS por profesional. Hai outros centros da area que teñen peor ratio, e os incrementos van ir a eses centros. Hai que engadir que a cita telefónica se fai na central de chamadas.

Tivemos reunión no centro, o venres pasado, e quedamos en reforzar un tempo para organizar o arquivo.

- D.XESTION: En Tomiño hai persoal novo que necesitan un tempo de asentamento, ten ratios mellores que outros centros.

PUNTO CUARTO.- CELADOR DO COF: ¿PODE O PERSOAL DEPENDENTE DE PRIMARIA RECIBIR ORDES PARA TRABALLAR EN ESPECIALIZADA FORA DO SERVIZO AO QUE ESTÁ ADSCRITO?

- D.XESTION: Temos coñecemento. Teñen adscrición funcional ao Hospital. Debería ser o Hospital o que rectificara se esas funcións non son adecuadas.
- CC.OO.: Non lle parece normal que o hospital organice as funcións dos nosos traballadores.
- XERENCIA: Quen organiza o traballo é o CHUVI.
- CEMS: A XAP debe saber se un traballador de AP está recibindo ordes inadecuadas do CHUVI.
- XERENCIA: Que pensamos da dependencia funcional e das funcións dos traballadores do COF. Que herdamos a situación e que se son profesionais adscritos ao COF a Xerencia de especializada non debe movelo.

O que queremos dicir é que o COF debe cambiar, co que cambiaría a situación destes. Actualmente diríxelo un xinecólogo cando debería pertencer a Atención Primaria. Entendemos que debería haber máis dun fora de Vigo e que necesita unha reformulación.

Recordaremos á xerencia do CHUVI, que non debe dar funcións que non correspondan a este profesional.

PUNTO QUINTO.- CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR:

- **¿Aplicase a normativa no caso das gardas obrigatorias?**

Xa foi tratado e se vos lembrades tratamos de adaptar as gardas, pero non a exención.

Recibimos unha solicitude de exención total por ser familia monoparental e entendemos que non é causa, como moito, se de axuste (adaptación) das gardas que fai.

Falamos ademais dun número baixo de gardas.

- **Escrito da pediatra de Cangas na quenda de tarde.**

Se, se solicitan deslizamentos en quendas de tarde, procúranse se é factible e non afecta á organización do servizo. Se o fai, non podemos mantelo.

A praza de tarde é única, con alta carga de traballo, contestación social, e hai que contar coa disposición dos profesionais da mesma quenda. Consequimos articulalo nunha época, pero tras a OPE e tras o cambio de profesionais e tras manter varias

reunións non puidemos manter o “deslizamento funcional”. Recordamos que a praza é de tarde.

- CEMS: Se antes funcionou ano e medio, ¿porqué agora non?
- XERENCIA: Xa non funcionaba ben e acabou de empeorar co cambio de profesionais pola OPE.
- CEMS: ¿Pediuse aos pediatras de mañá que rotasen?
- XERENCIA: Si

PUNTO SEXTO.- PERMISOS E LICENZAS. PROBLEMAS NA INTERPRETACIÓN DOS MESMOS (VACACIÓNS DO PERSOAL QUE SE INCORPOROU COA OPE E O CONCURSO DE TRASLADO, ETC...)

- COMISION DE CENTRO: Hai un problema co persoal que se incorporou coa OPE entendemos que se lle deu un día menos a médicos de familia: Respecto aos LD's 40 días ou fracción.
- XERENCIA: Revisaremos este tema.

PUNTO SÉTIMO: PERSOAL DE ENFERMERIA TARDE MOÑA: PESE AO INCREMENTO DE PERSOAL NA QUENDA DE MAÑÁ, SEGUEN A REALIZAR TRABALLO CORRESPONDENTE A DITA QUENDA.

- COMISION DE CENTRO: A pesar do incremento na mañá seguen facendo os da tarde electros e metrotrexato
- D.ENFERMERIA: Xa se falou deste tema con eles e mañá temos unha reunión con eles e trataremos porqué non se levou a cabo.

PUNTO OITAVO: PLAN MELLORA: NOVIDADES RESPECTO AO MESMO. ¿VANSE CUBRIR PRAZAS DE MEDICO DE FAMILIA? INCREMENTO DUN MEDICO DE FAMILIA EN SALVATERRA.

- XERENCIA: Quedaron sen cubrir 22 prazas de medico de familia do 2008.

Neste mes queremos facer un estudo do que imos incrementar xa.

En 1º lugar : Lavadores

En 2º lugar: Salvaterra.

Por falar de dúas prazas que temos que cubrir de xeito indemorale. A idea é pechar a situación a día de hoxe, temos 3 persoas que ten previsto irse.

Con respecto as outras categorías facer exactamente o mesmo.

PUNTO NOVENO: ACLARACION DAS FUNCIÓNS DA ENFERMERIA O SÁBADO DE MAÑÁ EN COIA.

O sábado, día 29, plantouse un problema cos domicilios programadas.

En Coia hai 6 enfermeiras, e Bolivia 4, e 2 condutores. Condutores en Bolivia 1.

- XERENCIA: Enviaremos unha aclaración ás dúas cabeceiras, a idea e que saíse de Coia.
- SAE: Entón co tema das auxiliares cos sábados nas vacacións queda aclarado.

PUNTO DECIMO: DOCUMENTO DE MOBILIDADE INTERNA. RESPOSTA DA COMISION DE CENTRO.

- COMISION DE CENTRO: A Comisión de Centro considera que non debe vincularse a mobilidade interna con comisións de servizo.

Nos presentamos un novo documento sobre o que queremos traballar

Hai un mecanismo distinto en Coruña e Ferrol.

- XERENCIA: Preguntarei que están a facer estas xerencia, pero a min non se me ocorre de que outro xeito poden levalo de xeito temporal .

PUNTO ONCE: ABONO AOS MÉDICOS AOS QUE DE FORMA UNILATERAL SE LLES REDUCEN AS PRESENZAS NA GARDA DO PAC.

- COMISION DE CENTRO: Abono aos médicos que por causas sobrevindas redúcense presenzas de PAC.
- XERENCIA: Isto foi a Comisión de Seguimento e non se contempla esta retribución.

PUNTO DOCE: FALTA DE AUTORIZACIÓN AOS MÉDICOS PARA REALIZAR COPIAS DAS RADIOGRAFIAS EN IANUS.

- COMISION DE CENTRO: No programa se está a posibilidade de copiar a placa, pero non nos deixa imprimila.
- XERENCIA: Comprobarémolo e arranxarémolo.

Remata a reunión as doce horas do día sinalado